

## ALITES (ACTUALIZACIÓN EN LITERATURA ESPAÑOLA)

*Coordinador/a:* **Antonio Chas Aguión**

*Participantes:* **María Ceide Rodríguez**  
**Fátima Codeseda Troncoso**  
**Montserrat Ribao Pereira**

### Liñas de actuacións

O profesorado de Literatura Española do grupo ALITES ven desenvolvendo actividades de innovación desde 2012: formación presencial e semipresencial en clásicos da literatura española para actualizar coñecementos de egresados/as e de profesionais do ensino medio, elaboración de contidos polimedia para a matrícula non presencial do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e elaboración de MOOC ao abeiro dos Proxectos de Innovación Educativa 2014 da Universidade de Vigo. A creación do grupo vai permitir dar cobertura formal ás iniciativas nas que xa traballamos e abordar nun marco institucional a rendabilidade das mesas e a implantar doutras novas. Do mesmo xeito, ao ser posible a incorporación ao grupo do persoal bolseiro favorecerase o recoñecemento del de cara a futuras convocatorias nas que poidan concorrer.

### Obxectivos

- Ampliar a oferta de cursos de formación para profesionais e egresados/as con cursos non presenciais especializados en literatura española.
- Dar soporte persoal ao MOOC Xogo sen tronos: literatura, corte e Tenorios románticos, xa en marcha, pero que unha vez rematado o proxecto no que se insire (xuño de 2016) vai precisar dun equipo estable de traballo que manteña as reedicións del.
- Elaboración de dous novos MOOC, previstos para 2016 e 2017, sobre a visión romántica da idade media na literatura española e sobre a poesía amorosa medieval, respectivamente.
- Concorrer ás diferentes convocatorias de Proxectos de Innovación Docente, tanto estatais como da Universidade de Vigo, nas que poidamos acadar financiamento para as iniciativas nas que traballamos.

## Plan de traballo

1. Formación en innovación das persoas integrantes do grupo (xaneiro-decembro de 2016).
2. Posta en marcha do MOOC Xogo sen tronos: literatura corte e Tenorios románticos (marzo 2016). Peche do proxecto en vigor (xuño 2016) e memoria.
3. Preparar unha nova edición do MOOC Xogo sen tronos: literatura corte e Tenorios románticos (marzo 2016). Peche do proxecto en vigor (setembro-decembro 2016). Apertura do mesmo (febreiro 2017).
4. Iniciar a elaboración dun novo MOOC, de título aínda sen determinar, sobre a visión romántica da idade media na literatura española (setembro-decembro 2016).
5. Proposta do Curso de Formación en liña para a actualización en Literatura Española ALITES (outubro 2016).
6. Preparación de materiais para a docencia non presencial do alumnado do Grao de Ciencias da Linguaxe, concretamente nas materias Literatura Española da Idade Media (profesor Antonio Chas) e Literatura Española dos séculos XVIII e XIX (profesora Montserrat Ribao).
7. Preparación de materiais para a docencia non presencial no mestrado de Artes Escénicas na materia Artes e representación no século XIX (profesora Montserrat Ribao).